



# BARREIRA DA FIANTEIRA (SANXENXO)

## ACTUALIZACIÓN DE DATOS FAUNÍSTICOS · PROPOSTA DE PROTECCIÓN



**Emilio Martínez Sabarís** (anelador experto, nº 060029, Grupo de Anelamento Anduriña)

**Cosme Damián Romay Cousido** (biólogo colegiado, nº 2020-X, Colexio Oficial de Biólogos de Galicia)

Co apoio de:



Grupo de Anelamento Anduriña



# **BARREIRA DA FIANTEIRA (SANXENXO)**

**ACTUALIZACIÓN DE DATOS FAUNÍSTICOS · PROPOSTA DE PROTECCIÓN**

**Emilio Martínez Sabarís  
Cosme Damián Romay Cousido**

**Data: 16/06/2010**

## BARREIRA DA FIANTEIRA (SANXENXO)

### ACTUALIZACIÓN DE DATOS FAUNÍSTICOS · PROPOSTA DE PROTECCIÓN

---

**Data:** 16/06/2010

**Destinatario 1:** Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia

**Destinatario 2:** Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia

**Destinatario 3:** Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia

**Motivo:** solicitude da paralización de obras de extracción de áridos (arxilas) e de modificación do estado actual do humidal por parte da empresa *Nueva Cerámica Campo* na barreira da Fianteira, no lugar de A Fianteira, Sanxenxo (Pontevedra).

---

#### INTRODUCCIÓN

Ante a renovación da licenza para a explotación (ampliación) da barreira da Fianteira (Sanxenxo) por parte da Xunta de Galicia, elabórase un catálogo actualizado da fauna existente para enfatizar os valores naturais deste contorno protexido. Como complemento, faise unha revisión exhaustiva das especies protexidas nalgún dos catálogos, convenios ou listas vermellas das que se dispoñen a nivel autonómico, estatal ou europeo. Os datos corresponden ao período 01/08/2009-31/05/2010, e os grupos tratados son:

- Aves
- Anfibios
- Réptiles
- Mamíferos
- Rhopalóceros
- Odonatos

O traballo de campo foi realizado por Emilio Martínez Sabarís (D.N.I. 35315159-Q, anelador experto nº 060029, membro do Grupo de Anelamento Anduriña) e Cosme Damián Romay Cousido (D.N.I. 35470309-P, biólogo, colexiado nº 20020-X, Colexio Oficial de Biólogos de Galicia).

#### ÁREA DE ESTUDO

A Barreira da Fianteira sitúase no extremo norte do municipio de Sanxenxo, provincia de Pontevedra (42º28' 35" N, 8º 50' 30" W; UTM 29T x: 514214, y: 4700491). Foi orixinada nos anos 80 pola extracción de áridos (caolín e outras arxilas). O seu posterior abandono propiciou o seu asolagamento natural, permanente, e que ao longo de varios anos se asentaran neste humidal unha grande diversidade de plantas e animais. Case toda esta zona (agás o extremo suroeste da barreira) foi incluída dentro dos límites de espazos protexidos (Ramsar, ZEPA, LIC; ver seguinte apartado).

Aínda que a masa de auga define a barreira da Fianteira como humidal, cómpre considerar tamén a periferia inmediata desta, xa que neste cinturón se alimentan ou repousan moitos dos seres vivos que ocupan a masa de auga.

En 2009 elaborouse un primeiro informe sobre a avifauna do lugar que se actualiza e amplía co presente traballo, aportando datos novidosos de diferentes grupos faunísticos, algúns deles con moi pouca información para o conxunto do humidal protexido (ver ANEXO).



Vista parcial da Barreira da Fienteira colonizada por vexetación co paso dos anos (E. Martínez).



Vista parcial da contorna da Barreira da Fienteira con vexetación de ribeira (E. Martínez).



**Arriba, esquerda**, ortofoto da zona da Fienteira, obtida con IBERPIX (Instituto Geográfico Nacional, 2010).

**Arriba, dereita**, extracto do mapa topográfico da zona da Fienteira, con IBERPIX.

**Abaixo**, zonación a partir da ortofoto da zona da Fienteira.

Liña azul: zona 1, Barreira da Fienteira.

Liña vermella: zona 2, periferia inmediata da barreira, incluíndo tamén á zona 1; para toda esta zona se obtiveron os datos faunísticos detallados neste informe.

Liña amarela: zona 3: área de influencia da Barreira da Fienteira.

Estas bandas están dentro de zona protexida (ver seguinte apartado), con excepción do extremo suroeste da barreira e eucaliptal situado inmediatamente ao sur e oeste desta.

## MARCO LEGAL

A zona da Barreira da Fianteira e contorna inmediata inclúese na súa totalidade dentro das seguintes figuras de protección:

- **Zona de Especial Protección dos Valores Naturais:** Complexo Ons-O Grove, segundo o decreto 72/2004 (DOGA nº69 de 12 do abril de 2004).
- **Lugar de Importancia Comunitaria:** Complexo Ons O Grove, con código ES1140004, ao amparo das directivas 79/409/CEE e 92/43/CEE, e a partires da proposta para a rede Natura 2000 (Directiva 72/43/CEE do 21 de maio de 1992).
- **Zona Húmida Protexida:** Complexo intermareal Umia-O Grove-A Lanzada; 2.476,72 ha), mediante o Decreto 110/2004 (DOGA nº108 do 7 de xuño do 2004).
- **Zona de Especial Protección para as Aves:** ZEPA ES0000087 Complexo intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira.
- **Zona Ramsar** (Complexo intermareal Umia-Grove, 7ES011; 2.561 ha).
- **Refuxio de fauna:** PO-2, PO-4, PO-7.



Vista parcial da Barreira da Fianteira, coa antiga cerámica ao fondo (C. D. Romay).

## CATÁLOGO FAUNÍSTICO

### A) AVES

Período: 01/08/2009-31/05/2010

Observadores: Emilio Martínez Sabarís

38 especies dentro do Catálogo Nacional de Especies Ameazadas, catalogadas como **de Interés Especial**:

	<b>Nome científico</b>	<b>Notas</b>
1	<i>Tachybaptus ruficollis</i>	Nidifican 2 parellas
2	<i>Ardea cinerea</i>	Invernante
3	<i>Ardea purpurea</i>	Rexistrado durante a migración
4	<i>Egretta garzetta</i>	Invernante
5	<i>Buteo buteo</i>	Zona de alimentación
6	<i>Accipiter gentilis</i>	Nidifica 1 parella nas proximidades, zona de alimentación
7	<i>Falco peregrinus</i>	Zona de alimentación
8	<i>Alcedo atthis</i>	Nidifica 1 parella
9	<i>Caprimulgus europaeus</i>	Nidifica 1 parella
10	<i>Apus apus</i>	Zona de alimentación
11	<i>Jynx torquilla</i>	Rexistrado durante a migración
12	<i>Dendrocopus major</i>	Nidifica 1 parella
13	<i>Anthus pratensis</i>	Invernante
14	<i>Delichon urbicum</i>	Zona de alimentación
15	<i>Hirundo rustica</i>	Zona de alimentación
16	<i>Motacilla flava</i>	Nidifica 1 parella
17	<i>Motacilla cinerea</i>	Invernante
18	<i>Motacilla alba</i>	Nidifica 1 parella
19	<i>Troglodytes troglodytes</i>	Nidifican 3 parellas
20	<i>Prunella modularis</i>	Nidifican 3 parellas
21	<i>Erithacus rubecula</i>	Nidifican 4 parellas
22	<i>Saxicola torquatus</i>	Nidifica 1 parella
23	<i>Cettia cetti</i>	invernante
24	<i>Parus cristatus</i>	Nidifica 1 parella
25	<i>Parus caeruleus</i>	Nidifican 2 parellas
26	<i>Parus major</i>	Nidifica 1 parella
27	<i>Regulus ignicapilla</i>	invernante
28	<i>Certhia brachydactyla</i>	Nidifica 1 parella
29	<i>Ficedula hypoleuca</i>	Rexistrado durante a migración
30	<i>Muscicapa striata</i>	Rexistrado durante a migración
31	<i>Sylvia atricapilla</i>	Nidifican 2 parellas
32	<i>Sylvia melanocephla</i>	Nidifica 1 parella
33	<i>Sylvia borin</i>	Rexistrado durante a migración
34	<i>Sylvia communis</i>	Rexistrado durante a migración
35	<i>Phylloscopus ibericus</i>	Nidifican 2 parellas
36	<i>Fringilla coelebs</i>	Nidifica 1 parella
37	<i>Pyrrhula pyrrula</i>	Nidifican 2 parellas
38	<i>Emberiza cirrus</i>	Nidifica 1 parella

3 especies dentro do Libro Rojo de las Aves de España (Madroño *et al.*, 2004), catalogadas como **Vulnerables**:

	<b>Nome científico</b>	<b>Notas</b>
1	<i>Alcedo atthis</i>	Nidifica 1 parella
2	<i>Streptopelia turtur</i>	Nidifican 2 parellas
3	<i>Sylvia undata</i>	Nidifica 1 parella

## B) PEIXES

Período: 01/08/2009-31/05/2010

Observadores: Emilio Martínez Sabarís

1 especie dentro do libro vermello español (Doadrio, 2001), catalogada como **Vulnerable**:

	<b>Nome científico</b>	<b>Notas</b>
1	<i>Anguilla anguilla</i>	Presenza

1 especie dentro do Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, 2007), catalogada como **Vulnerable**:

	<b>Nome científico</b>	<b>Notas</b>
1	<i>Gasterosteus aculeatus</i>	Presenza

## C) ANFIBIOS

Período: 01/08/2009-31/05/2010

Observadores: Emilio Martínez Sabarís

5 especies dentro do Catálogo Nacional de Especies Amenazadas, catalogadas como **De Interés Especial**:

	<b>Nome científico</b>	<b>Notas</b>
1	<i>Triturus marmoratus</i>	Presenza
2	<i>Lissotriton boscai</i>	Presenza
3	<i>Lissotriton helveticus</i>	Presenza
4	<i>Discoglossus galganoi</i>	Presenza
5	<i>Hyla arborea</i>	25 machos cantores simultáneos escoitados, tamén cágados e subadultos

1 especie dentro do Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, 2007), catalogada como **Vulnerable**:


	<b>Nome científico</b>	<b>Notas</b>
1	<i>Hyla arborea</i>	25 machos cantores simultáneos escoitados, tamén cágados e subadultos

1 especie dentro do libro vermello español (Pleguezuelos *et al.*, 2002), considerada **Vulnerable**:

	<b>Nome científico</b>	<b>Notas</b>
1	<i>Salamandra salamandra</i>	Presenza



*Lissotriton helveticus* na Barreira da Fianteira o 20/04/2010 (E. Martínez).



*Hyla arborea* na Barreira da Fianteira o 13/04/2010 (E. Martínez).

#### D) RÉPTILES

Período: 01/08/2009-31/05/2010

Observadores: Emilio Martínez Sabarís

4 especies dentro do Catálogo Nacional de Especies Amenazadas, catalogadas como **De Interés Especial**:

	Nome científico	Notas
1	<i>Chalcides striatus</i>	Presenza
2	<i>Anguis fragilis</i>	Presenza
3	<i>Lacerta schreiberi</i>	Presenza
4	<i>Natrix natrix</i>	Presenza

#### E) MAMÍFEROS

Período: 01/08/2009-31/05/2010

Observadores: Emilio Martínez Sabarís

1 especie no Catálogo Nacional de Especies Amenazadas, catalogada como **De Interés Especial**:

	Nome científico	Notas
1	<i>Lutra lutra</i>	Confirmada a cría dunha parella dentro da barreira, sacando adiante 2 crías (febreiro de 2010). A barreira da Fienteira é único lugar do espazo protexido con cría confirmada.

#### F) RHOPALOCERA (BOLBORETAS DIÚRNAS)

Período: 01/08/2009-31/05/2010

Observadores: Emilio Martínez Sabarís, Cosme Damián Romay Cousido

1 especie dentro do libro vermello español (Verdú & Galante, 2006), catalogada como **Vulnerable**. Ademais atópase no Anexo II da Directiva 92/43/CEE (Directiva HÁBITATS) e no Anexo II do Convenio de Berna.

	Nome científico	Notas
1	<i>Euphydrias aurinia</i>	Vistos ata 18 exemplares diferentes en 0,5 ha de pasteiro xunto a barreira o 02/05/2010.

#### G) ODONATA (LIBÉLULAS E CABALIÑOS DO DEMO)

Período: 01/08/2009-31/05/2010


Observadores: Emilio Martínez Sabarís, Cosme Damián Romay Cousido

1 especie dentro do Catálogo Nacional de Especies Amenazadas, catalogadas como **Sensible a la alteración del hábitat**. Tamén está dentro dos anexos II e IV da Directiva 92/43/CEE e está considerada case ameazada a nivel europeo (Kalkman *et al.*, 2010).

	Nome científico	Notas
1	<i>Oxygastra curtisii</i>	Vistos ata 6 exemplares simultaneamente, algún recién emerxido (polo que se confirma a cría para esta especie na barreira).



*Euphydryas aurinia* en plena cópula (arriba) e descansando (*basking*, abaixo) na contorna da Barreira da Fianreira o 02/05/10 (E. Martínez)



1 especie dentro da *Lista Roja de los Invertebrados de España* (Verdú & Galante, 2009) como **En Peligro**:

	Nome científico	Notas
1	<i>Oxygastra curtisii</i>	Presenza, evidencias de reprodución na periferia da barreira (exemplares recién emerxidos)

1 especie dentro da *Lista Roja de los Invertebrados de España* (Verdú & Galante, 2009) como **Vulnerable**:

	Nome científico	Notas
1	<i>Coenagrion scitulum</i>	Presenza na zona

Ofrécese a seguir unha listaxe das especies de odonatos identificadas na Barreira da Fianteira.

Periodo: 05/04/2010-31/05/2010

Observadores: Emilio Martínez Sabarís, Cosme Damián Romay Cousido.

	Nome científico	Notas
1	<i>Calopteryx haemorrhoidalis</i>	Primeira cita para o Complexo Ons-O Grove; reprodutor só na periferia (regatos)
2	<i>Lestes barbarus</i>	Presenza
3	<i>Lestes viridis</i>	Presenza
4	<i>Ischnura graellsii</i>	Presenza
5	<i>Ischnura pumilio</i>	Primeira cita para o Complexo Ons-O Grove
6	<i>Enallagma cyathigerum</i>	Presenza
7	<i>Coenagrion scitulum</i>	Presenza
8	<i>Erythromma (Cercion) lindenii</i>	Primeira cita para o Complexo Ons-O Grove
9	<i>Ceriagrion tenellum</i>	Presenza
10	<i>Anax imperator</i>	Presenza
11	<i>Gomphus pulchellus</i>	Primeira cita para o Complexo Ons-O Grove
12	<i>Cordulegaster boltonii</i>	Presenza; reprodutor só na periferia (regatos)
13	<i>Oxygastra curtisii</i>	Presenza, evidencias de reprodución na periferia da barreira (exemplares recién emerxidos)
14	<i>Libellula quadrimaculata</i>	Presenza, evidencias de reprodución (exuvias)
15	<i>Orthetrum cancellatum</i>	Segunda cita para o Complexo Ons-O Grove
16	<i>Orthetrum coerulescens</i>	Primeira cita para o Complexo Ons-O Grove
17	<i>Sympetrum sanguineum</i>	Presenza
18	<i>Sympetrum fonscolombii</i>	Presenza
19	<i>Sympetrum striolatum</i>	Presenza
20	<i>Crocothemis erythraea</i>	Presenza, evidencias de reprodución (exuvias)
21	<i>Trithemis annulata</i>	Primeira cita para o Complexo Ons-O Grove, sexta localidade galega (C. Ayres, <i>com. pers.</i> )

## CONCLUSIÓN

Neste 2010, Ano Internacional da Biodiversidade, estase poñendo de manifesto a necesidade de coñecer e protexer a diversidade de flora e fauna do planeta. Entre outros beneficios, a diversidade é un excelente bioindicador da calidade do medio, dándonos unha idea da saúde dos hábitats naturais.



*Ischnura pumilio* na barreira da Fianteira o 29/05/2010 (E. Martínez).



*Cordulegaster boltonii* na barreira da Fianteira o 28/05/2010 (E. Martínez).

Un claro exemplo disto son os invertebrados acuáticos, que supoñen una parte moi importante da biodiversidade e da biomasa dos humidais. Azpilicueta e outros (2007), no seu estudo de número de especies de odonatos (libélulas) superior a 20 especies forman os chamados *hotspots*. En toda Galicia só se atoparon 24 cuadrículas UTM de 10x10 km con un número igual ou superior de especies de libélulas e cabaliños do demo, elaborando aqueles autores unha proposta para a protección destes enclaves “quentes” para os mencionados invertebrados acuáticos.

A Barreira da Fianteira, con 21 especies de odonatos identificadas, sería tamén un *hotspot* en Galicia, máis aínda tendo en conta que moi probablemente os meses de verán e outono, ata agora pouco prospectados, deparen rexistros de novas especies (sempre e cando non se leven á práctica as obras de extracción de áridos).

Como exemplo da vulnerabilidade dalgunhas especies da zona, a libélula *Oxygastra curtisii* está catalogada como sensible á alteración do hábitat, polo que calquera modificación no estado da barreira e do seu contorno podería afectala. Existe unha poboación reprodutora desta especie na periferia inmediata da barreira, e cómpre subliñar que as larvas de *O. curtisii* dependen durante longo tempo de augas con boa calidade (tardan dous anos en emerxer), polo que calquera alteración no medio podería ser irreparable.

## DECÁLOGO DE RECOMENDACIÓNS

Os autores (Emilio Martínez e Cosme Damián Romay) e organizacións ambientais que dan apoio ao presente documento (Grupo de Anelamento Anduriña, Sociedade Galega de Ornitoloxía, Sociedade Galega de Historia Natural e Colectivo Ecoloxista do Salnés) queren pór de manifesto o seguinte:

1. Os **humidais** son un dos medios máis **sensibles**, con máis biodiversidade e máis ameazados do planeta, polo que é responsabilidade das administracións velar pola súa salvagarda ante calquera ameaza.
2. A **Barreira da Fianteira** é un humidal de **grande diversidade**, superior incluso a zonas húmidas similares do espazo protexido do Complexo Ons-O Grove.
3. A **destrución** da Barreira da Fianteira e do seu contorno **non ten xustificación** desde o punto de vista ambiental, ao alterar irreversiblemente o hábitat de moitas especies acuáticas. Así, unha hipotética desecación ou aterraxamento parcial da Barreira da Fianteira sería catastrófica para as poboacións de odonatos e aves ameazadas alí existentes.
4. De levarse á práctica estas obras, ocasionaríanse **importantes molestias** ás aves e demais fauna, e afectarían incluso a barreiras veciñas. Ademais, as eventuais emisións de pó e de ruído serían incompatibles coa conservación dos valores naturais da Barreira da Fianteira, ao afectar sobre todo aos invertebrados acuáticos (odonatos) e ás aves nidificantes.
5. As obras **alterarían a calidade das augas** da Barreira (as cales son permanentes desde hai case 20 anos), regatos próximos e incluso do litoral adxacente, afectando a hábitats de conservación prioritaria.
6. É importante resaltar que a restauración deste tipo de espazos nunca poderá consistir no recheo sistemático e revexetación dos ocos, tal e como se dicía tamén no plan de restauración do ano 1993, senón no **estudo detallado, optimización de microhábitats e protección** dos seus valores naturais.
7. No **Plan de Labores** do proxecto falta o **Informe de Seguimento Ambiental** (3.1), que según o novo modelo vixente dende 2008, debe acompañar a todo plan de labores, polo que se solicita a súa inmediata redacción.
8. Resumindo, as obras proxectadas **incumpren a lexislación vixente** no tocante á protección de especies ameazadas (ver presente informe) e zonas de especial conservación dos valores naturais. É preciso blindar a protección de (ao menos) a zona 2 (barreira e periferia inmediata, ver páxina 5), que acolle a maior diversidade e para a cal se referencian os datos faunísticos do presente informe.
9. É desexable que a administración autonómica propicie a realización de **censos e seguimentos mensuais** da fauna deste espazo protexido.
10. Futuras actividades extractivas ou de restauración dos hábitats nas barreiras do Complexo Ons-O Grove deberían contar coa **supervisión e respaldo** das **entidades conservacionistas** da zona e/ou de ámbito galego.

## BIBLIOGRAFIA

- Azpilcueta Amorín, M.; Rey Rañó, C.; Docampo Barrueco, F.; Rey Muñiz, X. L. & Cordero Rivera, A.** 2007. A preliminary study of biodiversity hotspots for odonates in Galicia, NW Spain. *Odonatologica* 36: 1-12.
- Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia.** 2007. Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas. *Diario Oficial de Galicia* 89: 7409-7423. URL: <http://www.uam.es/otros/consveg/documentos/galicia-2007.pdf> [con acceso: 16/06/2010].
- Doadrio, I.** (ed.). 2001. *Atlas y libro rojo de los peces continentales de España*. Dirección General de Conservación de la Naturaleza-Ministerio de Medio Ambiente, Madrid. 361 pp.
- Instituto Geográfico Nacional.** 2010. Visor IGN – IBERPIX. URL: <http://www.ign.es/iberpix/visoriberpix/visorign.html> [con acceso: 08/06/2010].
- Kalkman, V.; Boudot, J. P.; Bernard, R.; Konze, K.-J.; de Kniff, G.; Dyatlova, E.; Ferreira, S.; Jovic, M.; Ott, J.; Riservato, E. & Sahlén, G.** 2010. *European Red List of Dragonflies*. Publications Office of the European Union, Luxembourg. URL: [http://ec.europa.eu/environment/nature/conservation/species/redlist/downloads/European\\_dragonflies.pdf](http://ec.europa.eu/environment/nature/conservation/species/redlist/downloads/European_dragonflies.pdf) [con acceso: 16/06/2010].
- Madroño, A.; González, C. & Atienza, J. C.** 2004. *Libro Rojo de las Aves de España*. Dirección General para la Biodiversidad-SEO/BirdLife, Madrid. 452 pp.
- Pleguezuelos, J. M.; Márquez, R. & Lizana, M.** (eds.) 2002. *Atlas y Libro Rojo de los Anfibios y Reptiles de España*. Dirección General de Conservación de la Naturaleza-Asociación Herpetológica Española (2ª impresión), Madrid. 587 pp.
- Verdú, J. R. & Galante, E.** (eds.). 2009. *Atlas los invertebrados amenazados de España (Especies En Peligro Crítico y En Peligro)*. Dirección General para la Biodiversidad, Ministerio de Medio Ambiente, Madrid. 340 pp.



*Oxygastra curtisii* fotografada na contorna da barreira da Fianteira o 28/05/2010 (E. Martínez).

Fotos capa: Emilio Martínez Sabarís

## **ANEXO:**

### **VALORES NATURAIS E FUNCIÓNS ECOLÓXICAS DA LAGOA FIANTEIRA II**

(Informe do ano 2009)

Un dos principais valores da lagoa é sen dúbida a alta biodiversidade de aves que presenta. A continuación se adxunta un inventario das 135 especies detectadas na zona en algún momento do ano, debido ao seu carácter de especies sedentarias, estivais, invernantes ou en paso migratorio.

Tamén se indica cales e cantas das especies son merecedoras dalgún tipo de protección especial tendo en conta os principais convenios internacionais, directivas europeas e catálogos de especies ameazadas, tanto a nivel estatal como autonómico.

#### **Directiva de aves (D/79/409)**

Especies incluídas na Directiva do Consello de 2 de abril de 1979 relativa á conservación das aves silvestres (79/409/CEE) e posteriores revisións.

- I Especies que deben ser obxecto de medidas de conservación especiais no relativo ao seu hábitat, co fin de asegurar a súa supervivencia e a súa reprodución na súa área de distribución.
- II Especies que poden ser obxecto de caza no marco da lexislación nacional.
- III Especies comercializables con restricións.

NA ZONA DE ESTUDO ATOPÁRONSE **18** ESPECIES DE CATEGORÍA I.

#### **Convenio de Berna (Berna)**

Especies incluídas no Convenio relativo á conservación da fauna e da flora salvaxes e dos seus hábitats naturais en Europa (Berna, 19 de setembro de 1979).

- II Especies de fauna estrictamente protexidas.
- III Especies de fauna protexidas.

NA ZONA DE ESTUDO ATOPÁRONSE **E 85** ESPECIES DA CATEGORÍA II (ESTRICTAMENTE PROTAXIDAS) E **41** ESPECIES DA CATEGORÍA III (PROTEXIDAS)

#### **Convenio de Bonn (Bonn)**

Conservación das especies migratorias de animais silvestres (Bonn, 23 de xuño de 1979).

- I Especies incluídas no Apéndice I, os Estados membros esforzaranse por conservar estas especies e os seus hábitats.
- II Especies incluídas no Apéndice II, os Estados membros esforzaranse por conservar estas especies e os seus hábitats e en acadar acordos no seu beneficio.

NA ZONA DE ESTUDO ATOPÁRONSE **1** ESPECIE DA CATEGORÍA I E **54** ESPECIES DA CATEGORÍA II.

#### **Catálogo Nacional de Especies Amenazadas (CNEA)**

**REAL DECRETO 439/1990**, de 30 de Marzo, por el cual se regula el. Catálogo Nacional de Especies Amenazadas.

- Vu** Especies vulnerables. (Aquelas que corren o perigo de pasar ás categorías Sensibles á alteración do seu hábitat ou En perigo de extinción nun futuro inmediato se os factores adversos que actúan sobre elas non son corrixidos)
- IE** Especies de interese especial. (Aquelas merecedoras de catalogación e que teñan un grao de ameaza insuficientemente coñecido).

NA ZONA DE ESTUDO ATOPÁRONSE 2 ESPECIES VULNERABLES E 76 ESPECIES DE INTERESE ESPECIAL.

### Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA)

Decreto 88/2007, de 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas.

E Especies en perigo de extinción

V Especies Vulnerables

NA ZONA DE ESTUDO ATOPÁRONSE 2 ESPECIES VULNERABLES.

Ley 42/2007 de 13 de diciembre, del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad.

**Anexo IV** Especies que serán obxecto de medidas de conservación especiais en canto ao seu hábitat, coa fin de asegurar a súa supervivencia e a súa reprodución na súa área de distribución.

NA ZONA DE ESTUDO CONSTATOUSE A PRESENZA DE 15 ESPECIES DO ANEXO IV.

Especie	Bonn	Berna	D79/409	CNEA	CGEA	Ley 42/07
<i>Accipiter gentilis</i>	II	II	-	IE	-	
<i>Accipiter nisus</i>	II	II	-	IE	-	
<i>Actitis hypoleucos</i>	II	II	-	IE	-	
<i>Acrocephalus scirpaceus</i>	II	II				
<i>Acrocephalus schoenobaenus</i>	II	II				
<i>Aegithalos caudatus</i>	-	III	-	IE	-	
<i>Alcedo atthis</i>		II	I			IV
<i>Anas acuta</i>	II	III				
<i>Anas crecca</i>	II	III				
<i>Anas penelope</i>	II	III				
<i>Anas platyrhynchos</i>	II	III	II,III	-	-	
<i>Anas querquedula</i>	II	III				
<i>Anas strepera</i>	II	III	II	-	-	
<i>Anthus pratensis</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Apus apus</i>	-	III	-	IE	-	
<i>Ardea cinerea</i>	-	III	-	IE	-	
<i>Asio flammeus</i>	-	II	I	IE	-	IV
<i>Asio otus</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Athene noctua</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Aythya ferina</i>	II	III	II,III	-	-	
<i>Aythya fuligula</i>	II	III	II,III	-	-	
<i>Bubulcus ibis</i>		II				
<i>Buteo buteo</i>	II	II	-	IE	-	
<i>Caprimulgus europaeus</i>	-	II	I	IE	-	IV
<i>Carduelis cannabina</i>	-	II	-	-	-	
<i>Carduelis carduelis</i>	-	II	-	-	-	
<i>Carduelis chloris</i>	-	II	-	-	-	
<i>Carduelis spinus</i>	-	II	-	-	-	
<i>Certhia brachydactyla</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Cettia cetti</i>	II	II	-	IE	-	
<i>Charadrius dubius</i>	II	II	-	IE	-	
<i>Chlidonias hybridus</i>	-	II	I	IE	-	
<i>Ciconia ciconia</i>	II	II	I	IE	-	
<i>Circus cyaneus</i>	II	II	I	IE	V	IV
<i>Circus pygargus</i>	II	II	I	Vu	V	IV
<i>Cisticola juncidis</i>	II	II	-	IE	-	
<i>Columba livia</i>	-	III	II	-	-	

Especie	Bonn	Berna	D79/409	CNEA	CGEA	Ley 42/07
<i>Columba palumbus</i>	-	-	II,III	-	-	
<i>Coracias garrulus</i>	II	II	I			IV
<i>Corvus corone</i>	-	-	II	-	-	
<i>Corvus monedula</i>	-	-	II	-	-	
<i>Coturnix coturnix</i>	II	III	II	-	-	
<i>Cuculus canorus</i>	-	III	-	IE	-	
<i>Delichon urbica</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Dendrocopos major</i>		II	-	IE	-	
<i>Egretta garzetta</i>	-	II	I	IE	-	IV
<i>Emberiza calandra</i>		III				
<i>Emberiza cia</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Emberiza cirius</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Erithacus rubecula</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Falco columbarius</i>	II	II	I			IV
<i>Falco peregrinus</i>	II	II	I	IE	-	IV
<i>Falco subbuteo</i>	II	II	-	IE	-	
<i>Falco tinnunculus</i>	II	II	-	IE	-	
<i>Ficedula hypoleuca</i>	II	II	-	IE	-	
<i>Fringilla coelebs</i>	-	III	-		-	
<i>Fulica atra</i>	-	III	II,III	-	-	
<i>Galerida cristata</i>	-	III	-	IE	-	
<i>Gallinago gallinago</i>	II	III	II,III	-		
<i>Gallinula chloropus</i>	-	III	II	-	-	
<i>Garrulus glandarius</i>	II	-	II	-	-	
<i>Hieraetus pennatus</i>	II	II	I	IE	-	IV
<i>Hippolais polyglotta</i>	II	II	-	IE	-	
<i>Hirundo daurica</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Hirundo rustica</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Jynx torquilla</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Lanius meridionalis</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Larus cachinnans</i>	-	III	II	-	-	
<i>Larus fuscus</i>						
<i>Larus ridibundus</i>	-	III	II	-	-	
<i>Locustella naevia</i>						
<i>Lullula arborea</i>	-	III	I	IE	-	IV
<i>Luscinia megarhynchos</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Lymnocyptes minimus</i>	II	III	II,III	-	-	
<i>Miliaria calandra</i>	-	III	-	-	-	
<i>Milvus migrans</i>	II	II	I	IE	-	IV
<i>Motacilla alba</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Motacilla cinerea</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Motacilla flava</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Muscicapa striata</i>	II	II	-	IE	-	
<i>Numenius phaeopus</i>	II	III				
<i>Oenanthe oenanthe</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Oriolus oriolus</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Otus scops</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Pandion haliaetus</i>	II	II	I	Vu	-	IV
<i>Parus ater</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Parus caeruleus</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Parus cristatus</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Parus major</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Passer domesticus</i>	-	-	-	-	-	
<i>Passer montanus</i>	-	III	-	-	-	
<i>Pernis apivorus</i>	II	II	I	IE	-	IV
<i>Phalacrocorax carbo</i>	-	III	-	-	-	
<i>Phoenicurus ochruros</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Phylloscopus collybita</i>	II	II	-	IE	-	
<i>Phylloscopus ibericus</i>	II	II	-	IE	-	
<i>Phylloscopus trochilus</i>	II	II				
<i>Pica pica</i>	-	-	II	-	-	
<i>Picus viridis</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Podiceps cristatus</i>	-	III	-	IE	-	
<i>Prunella modularis</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Ptyonoprogne rupestris</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Pyrrhula pyrrhula</i>	-	III	-	IE	-	

Especie	Bonn	Berna	D79/409	CNEA	CGEA	Ley 42/07
<i>Regulus ignicapilla</i>	I	II	-	IE	-	
<i>Regulus regulus</i>	II	II				
<i>Riparia riparia</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Saxicola rubetra</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Saxicola torquata</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Scolopax rusticola</i>	II	III	II,III	-	-	
<i>Serinus serinus</i>	-	II	-	-	-	
<i>Streptopelia decaocto</i>	-	III	II	-	-	
<i>Streptopelia turtur</i>	II	III	II	-	-	
<i>Strix aluco</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Sturnus unicolor</i>	-	II	-	-	-	
<i>Sturnus vulgaris</i>	-	-	II	IE	-	
<i>Sylvia atricapilla</i>	II	II	-	IE	-	
<i>Sylvia borin</i>	II	II	-	IE	-	
<i>Sylvia communis</i>	II	II	-	IE	-	
<i>Sylvia melanocephala</i>	II	II	-	IE	-	
<i>Sylvia undata</i>	II	II	I	IE	-	IV
<i>Tachybaptus ruficollis</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Tringa glareola</i>	II	II	I	IE	-	
<i>Tringa nebularia</i>	II	III				
<i>Tringa ochropus</i>	II	II	-	IE	-	
<i>Tringa totanus</i>	II	III	II	-	-	
<i>Troglodytes troglodytes</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Turdus iliacus</i>	-	III	II	-	-	
<i>Turdus merula</i>	-	III	II	-	-	
<i>Turdus philomelos</i>	-	III	II	-	-	
<i>Turdus pilaris</i>	-	III	II	-	-	
<i>Turdus torquatus</i>	II	II				
<i>Turdus viscivorus</i>	-	III	II	-	-	
<i>Tyto alba</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Upupa epops</i>	-	II	-	IE	-	
<i>Vanellus vanellus</i>	II	III	II	-	-	

Como principais funcións ecolóxicas desta lagoa, cabe destacar as seguintes:

1- Constitúe un refuxio de biodiversidade (135 especies de aves), debido ás características do hábitat que ofrece a todas estas especies. Nótese que tanto a Directiva Aves como o convenio de Bonn e a Ley Ley 42/2007 de 13 de diciembre, del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad, fan referencia á necesidade de conservar os hábitats das especies. Polo tanto, a desaparición desta lagoa estaría producindo unha perda importante de hábitats para as especies catalogadas nos citados convenios ou leis, ademais de unha importante perda de biodiversidade nun Humidal Protexido, ZEPA e zona Ramsar, ademais de LIC.

2- Outra función ecolóxica esencial deste ecosistema a destacar é que leva sendo o lugar de mancada ou cambio de plumaxe da especie *Anas platyrhynchos* (Ánade real ou alavanco) durante a última década. Trátase do lugar máis importante de mancada para esta especie de Galicia. Temos constancia de que con anterioridade aos recheos do ano 2003 nesta lagoa, facían a mancada uns 2000 individuos. Despois das molestias e alteración do seu hábitat provocados por dito recheo, o número de individuos que fan o cambio de plumaxe alí diminuíu drásticamente, quedando reducida a uns 500 individuos ata o ano 2008.

Como o resto de aves, os alavancos fan a muda despois da cría, mudando primeiro os machos e logo as femias e xuvenís. O período de muda do alavanco vai dende finais de xuño ata finais de agosto, e así sucede na lagoa Fianteira II, onde un dos ornitólogos que asina este informe, D. Emilio Martínez Sabarís, leva estudando as anátidas nun proxecto conxunto con aneladores de Portugal dende o ano 2002 ata a actualidade, no Complexo Intermareal Umia- O Grove.

3-Tamén proporciona lugar de durmida durante o inverno a unhas 500 cercetas (*Anas crecca*),

así como garzas reais (*Ardea cinerea*), garcetas (*Egretta garzetta*) e porróns (*Aythya fuligula*) que pasan o día na marisma de Dena. Isto acada maior relevancia polo feito de ser o Complexo Intermareal Umia- O Grove un dos principais estacionamentos galegos de ardeidas.

4- Ademais trátase do único lugar de cría de martiño peixeiro (*Alcedo atthis*) na costa do Salnés, e probablemente de toda a costa de Pontevedra.

5- Por outra banda, ten a función de servir de lugar de alimento de varias bandadas de anduriñas (*Hirundo rustica*) e avións (*Delichon urbica*), ambas catalogadas como de Interese Especial polo CNEA, que crían na zona de Portonovo.

6- Está constatada ademais a presenza de varias especies de anfibios e peixes como *Gasterosteus aculeatus* ou espiñento (especie Vulnerable según o Catálogo Galego de especies ameazadas), así como mamíferos que van en busca de alimento. É o caso de varias especies de morcegos, coellos, raposos e a cada vez máis escasa lontra (*Lutra lutra*), catalogada como de Interese Especial no CNEA.

Por todos estes motivos, a lagoa Fianteira II é un elemento imprescindible para o bo estado de conservación do Complexo Intermareal Umia O Grove, humidal do que forma parte.

(Asinado: Emilio Martínez Sabarís, Grupo de Anelamento Anduriña; Encarna González Rodiño, Coordinadora de SEO Pontevedra e Alberto Gil Carrera, Membro da Sociedade Galega de Ornitología).